

Texto: **XULIO GUTIÉRREZ**
 Ilustracións: **NICOLÁS FERNÁNDEZ**

Encadernado en cartón. Colección de Ciencias
 40 páxinas en color. 24x34 cm.
 Disponible en:

- Galego: "Bocas. Animais extraordinarios"
 ISBN 978-84-96957-27-5
- Castelán: "Bocas. Animales extraordinarios"
 ISBN 978-84-96957-28-2
- Portugués: "Bocas. Animais extraordinários"
 ISBN 978-972-8781-86-6

Prezo: 17 €

BOCAS

Animais extraordinarios

Entre o ecuador e os polos hai unha enorme cantidade de ecosistemas: dende os ambientes extremadamente fríos do ártico ata os cálidos trópicos, dende os áridos desertos ata as húmidas selvas ecuatoriais. En cada ecosistema miles de animais loitan pola súa vida segundo a dura lei da selección natural: "comer e non ser comido"

Estamos ante un libro moi instructivo, ameno, ben estruturado e de gran atractivo visual. Comeza situando o lector ante os diversos grupos do reino animal, con exemplos de cada un. Por terra, mar e aire, de norte a sul, por todos os continentes, selecciona unha serie de animais e ofrece de cada un deles un volume de información ben dosificada sobre as súas características, localización e costumes, centrándose na forma de obter o alimento.


Trátase dunha obra recomendada non só para o eido escolar, senón para todos os lectores interesados no medio ambiente. Dende a superlingua do oso formigueiro, ata os dentes coma coitelos da piraña, pasando pola anatomía imposible do ornitorrinco ou o aspecto primitivo da lamprea, este libro abriranos as portas ao fascinante mundo dos animais. A serie Animais Extraordinarios contén tamén "Nacer" e "Construtores".

XULIO GUTIÉRREZ

É profesor no IES da Pobra do Caramiñal (A Coruña). Pertence á Sociedade Galega de Educación Ambiental, un colectivo creado en 2001 que se adica a aglutinar o traballo de profesionais de diversos sectores comprometidos coa educación ambiental. É autor de máis de 20 libros sobre natureza e decenas de artigos en revistas especializadas.

NICOLÁS FERNÁNDEZ

Ilustrador de natureza autodidacta afincado na Coruña. A maioría dos seus traballos son acuarelas e bosquexos de fauna e flora, especialmente aves. Publicou dous libros como autor: "Guía de campo de la Comunidad Valenciana" e "Espacios Naturales de la Comunidad Valenciana". Tamén traballou como ilustrador para distintas publicacións, enciclopedias, organismos oficiais, libros, xornais e revistas. A súa obra expúxose en diversas salas de toda España. Compaxina o seu oficio como ilustrador co deseño gráfico e multimedia, actualmente nunha empresa de xestión ambiental.



- **Temática:** libro de animais e natureza
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aspectos destacables:** dos autores de "Nacer" e "Construtores"; ilustracións artísticas de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición, representación, información sobre a vida de cda animal, hábitat e estado de conservación; anexo final con fichas e glosario
- **Relación de animais:** oso formigueiro, balea corcovada, vampiro, ornitorrinco, flamengo, crocodilo africano, vibora, piraña, lamprea, estrela de mar, mosquito, lagosta migratoria